

A natureza anda ultimamente un pouco tola EN XUÑO, GRANDES INUNDACIÓNS NA MARIÑA

Por Iria Braña.

A comezos do pasado mes de Xuño os concellos de Alfoz e O Valadouro víronse inundados por unhas permanentes choivas que deixaron terreos completamente asolagados. Por poñer algúns exemplos entre outros moitísimos, podemos destacar na

parroquia de Bacoí (Alfoz) campos de cultivo totalmente inundados. Así mesmo o río Ouro desbordou de tal xeito que deixou os cultivos próximos convertidos nun mar e o bar *A Naranxa* tamén se viu afectado. No concello do Valadouro, concretamente en Ferreira, ó Hotel *Vila do Val* tamén lle entrou auga. Foron tales as choivas que esta

zona da Mariña saíu en moitos informativos e os veciños afirman que houbera moitas inundacións antes, pero non tales como as destas datas. As choivas continuaron sen parar durante corenta e oito horas os primeiros días, e logo seguiu chovendo intermitentemente. Isto mesmo sucedera tamén polos meses de Xaneiro e Febreiro.

Ex alumnos do noso Instituto abren novos negocios ABRE "ELECTRODOMÉSTICOS ÁLVAREZ" EN VILAÚDE



Os rapaces e as rapazas que saen do noso Instituto teñen logo que saír adiante na vida, cousa para a que é necesario ter iniciativas, ser atrevidos. Algúns destes ex alumnos están a iniciarse no mundo dos negocios, cada un na faceta que mellor domina. Manuel Álvarez, ó que todos coñecemos por *Manolín* cando estudaba no IES Alfoz-Valadouro vén de abrir en Vilaúde un negocio de electrodomésticos. Despois de traballar un tempo nunha tenda de Foz, decidiu independizarse e volver ó seu pobo e abriu a tenda de *Electrodomésticos Álvarez*, onde, como o seu nome indica, podedes atopar todo tipo de electrodomésticos: neveiras, lavadoras, televisores de todos os tamaños... Xa pronto fará un ano que *Manolín* abriu o seu negocio e dende Xornalouro desexámosle o mellor nel. Ó seu carón, no mesmo edificio, a tamén ex alumna do noso Instituto Nayara Paz está a preparar a apertura dunha perruquería. Xa informaremos sobre o tema en vindeiros números.

< *Manolín* diante de "Electrodomésticos Álvarez".

O Nadal, tempo de maxia en Alfoz e no Valadouro OS REIS MAGOS VOLVERON CON AGASALLOS

Cando chega o Nadal o mundo énchese de maxia e de boas intencións. Son varias as datas que materializan esa maxia que flota no ambiente. En primeiro lugar, naturalmente, a Noiteboa e o día de Nadal, coas ceas e as comidas no fogar, toda a familia xunta, reunida a pesar das distancias. Logo a festa de Fin de Ano, a noite do 31 de Decembro, cando se cambia de ano e hai grandes bailes, moita diversión e moito balbordo até altas horas da madrugada. E finalmente, a Noite de Reis, que é cando Melchor, Gaspar e Baltasar nos visitan para traernos todos eses agasallos que tanto desexamos e que fan que a xente miúda se encha de ilusión e de alegría. Os concellos de Alfoz e O Valadouro, ó igual que todos os concellos do mundo, son tamén visitados polos tres Reis Magos, que desfilan polas diversas parroquias levándolles ós nenos moitas toneladas de caramelos. Adoitan ir moi ben vestidos e pasan en coches, carros ou cabalos e, a pesar do frío, pásanse polas rúas de Ferreira e polas estradas dos barrios rurais. Ó final visitan o portal de Belén, no que se atopan a Virxe María, San Xosé e o Neno Xesús. Cada ano, a



Esta foto corresponde á noite do 5 de Xaneiro do ano 2010 en Ferreira do Valadouro. Melchor, Gaspar e Baltasar percorreron xa as rúas da vila e acaban de chegar a visitar o portal de Belén, no que se atopan xa na compañía da Virxe María, de San Xosé e do Neno Xesús. Tamén acompañan ós Reis Magos varios nenos do Valadouro vestidos con traxes rexionais e outras persoas do pobo.

noite do 5 de Xaneiro, os dous concellos do Val son un niño de ilusión e de felicidade,

sobre todo para os nenos, pero tamén, sen dúbida, para a xente maior.

En Marzo Ferreira ten outra celebración tradicional

MERCADO DE PRIMAVERA E RUTA DAS TAPAS



Por Carmela Trigo.

O día 27 de Marzo celebrouse en Ferreira do Valadouro o Mercado de Primavera e a Ruta das Tapas. No Mercado de Primavera puidéronse atopar produtos diversos de orixe ecolóxico, mel, carne, doces; e tamén artesanía en madeira, cesteiros... Este ano tamén houbo un circuíto da escola galega de ponis de Galicia, e a xente puido montar estes animais ó longo dun pequeno recorrido. Tamén se celebrou a quinta Ruta de Tapeo, na que os bares do pobo ofrecen tapas variadas por só o valor da consumición que tomes. Colaboran nesta festa todos os establecementos hostaleiros de Ferreira. A maiores tamén chegou a media mañá a charanga *NBA* para animar o día, e pola tarde houbo unha demostración de forxa e outra de ferraxe.

Estas dúas celebracións conxuntas xa se están convertendo nunha festa tradicional en Ferreira, unha festa que é unha mestura de artesanía e gastronomía.

< Un cesteiro expón o seu traballo no Mercado.

Era un dos restaurantes máis visitados do Val

O PEREIRAS, DA SEARA, CAMBIA DE DONOS

Por Iria Braña.

É unha noticia que chamou bastante a atención no noso Val. O restaurante Pereiras estaba situado na Seara, ao lado da Farmacia, e pechou a finais do inverno aproximadamente. Era un local que servía tanto bebidas, refrescos, tapas e ata tiña restaurante. Preguntándolle aos clientes habituais, démonos conta de que negocio bar tiña moito prestixio, pois sempre se trataba moi ben aos clientes e a atención cara a eles era moi boa. O peche foi porque os anteriores propietarios decidiron dedicar toda a súa atención ó outro negocio que teñen en Adelán: a casa rural coñecida como *Casa Franco*, na que se seguen a servir comidas. Nos últimos meses o bar Pereiras volveu abrir de novo, pero con novos propietarios. Desexámoslles a uns e a outros moi boa sorte.

Fachada do bar Pereiras, na Seara >



Aínda hai zonas nas que a televisión dixital non chega ben

A TDT, POR FIN, VAISE VENDENDO NAS OIRAS

Por Sonia Expósito.

Os veciños das Oiras foilles moi complicado poder ver a televisión a través da TDT, xa que ó estar a parroquia tan gardada entre cotos e montañas non recibían sinal algún. Despois de falar co concello e cos técnicos souberon que tiñan que poñer unha

parabólica. Pero non unha para toda a parroquia senón unha para cada casa, o que supuña un bo gasto para as familias, así que miraron a ver se había algunha subvención, pero non, non a había. E o peor non foi iso, senón que para recibir o sinal a través da parabólica tamén tiñan que poñer un decodificador, aínda que as televisións novas os

tiveran incorporados. Ademais, eses decodificadores custaban moito máis cós normais, porque eran para ver a tele a través de satélite. O importante, despois de todo, é que os veciños ven a televisión. Pero só a ven nunha televisión, porque non teñen presuposto para poñer o decodificador en dúas ou tres teles.

O día 17 de Xullo regresamos ó Medievalo

XII MERCADO MEDIEVAL DE ALFOZ

Por Sonia Expósito.

O pasado sábado, día 17 de Xullo foi a

XII do Mercado Medieval de Alfoz. Como moitos saberedes hai un castelo na parroquia do Castro de Ouro que conta con moi-

tos visitantes habitualmente, pero ese día máis, porque se recorda todo o que pasou fai moito, moito tempo, no século XVI. O

Mercado inaugurouse, como todos os anos, coa chegada do mariscal Don Pedro Pardo de Cela, a súa esposa Dona Isabel de Castro e as súas dúas fillas Constanza e Beatriz. Esta chegada é seguida, como non, polo pregón, feito este ano polo historiador Don Juan Ramón Fernández Pacios. Tamén abriron os distintos postos. De alí a un pouco tivo lugar a Misa en Latín. Como todos os anos moitos turistas e veciños optaron por comer alí. A continuación os visitantes puideron ver e escoitar a homenaxe a Uxío

Novoneira, o homenaxeado nas Letras Gallegas neste ano 2010, a cargo da Asociación Mardouro. Os nenos tamén puideron disfrutar, xa que tiveron a oportunidade de tirar con arco, dirixidos por membros da Asociación Castelarco, e de ver voar aves rapaces; tamén puideron practicar e ver xogos medievais ecuestres e, como non, ver os monicreques, co grupo teatral Raiolas. Pola noite houbo a tradicional cea medieval; mentres a xente ceaba podía ver as aves rapaces. Despois houbo unha película

na que se vivía a escenificación do apresamento e decapitación do Mariscal. Para rematar un día tan especial houbo a tradicional queimada e un concerto a cargo do grupo de música tradicional "Tanxedoras". O longo do día os visitantes puideron ver o castelo por dentro e vestirse da época medieval; tamén puideron ver o forno de pan, os animais, e moitas cousas máis. O que vos aseguro e que todos tiveron un día moi entretido. Os que viñeron seguro que volverán.

Organizaron unha peregrinación conxunta "AMADO LAR" E "O CASTELO" XUNTOS NO CAMIÑO



O 2010 é Ano Santo en Santiago de Compostela e despois deste van pasar moitos anos sen que volva selo. Por iso é apropiado facer o Camiño no 2010, para non andar logo con présas. Así o pensaron as asociacións culturais do Valadouro, *Amado Lar*, e de Alfoz, *O Castelo*, pois organizaron unha peregrinación conxunta á cidade do Apóstolo. As marchas eran os domingos de cada semana e así, pasiño a pasiño, foron albiscando a capital de Galicia e completaron o seu periplo, tal e como vemos na foto da esquerda, na que os participantes en tan cansa actividade puideron sentirse orgullosos de aguantar o cansazo e as molestias. Na foto vemos moitas caras coñecidas de Alfoz e do Valadouro, como Marco Uría, Presidente de *Amado Lar*, a familia Rubal, Nati Uría e o seu marido Moncho, Espinete e moitos máis. A experiencia foi todo un éxito e moitos dos participantes declararon que cando non camiñaban un domingo sentían o *mono* de facelo, porque o Camiño crea adicción. Unha adicción moi sá, iso si.

< Os peregrinos diante da Catedral de Santiago.

O Castelo organiza un ano máis a Festa dos Choferes TRES DÍAS DE FESTA NO ADRO DE SAN PEDRO

Por Sonia Expósito.

Como todos os anos a principios do mes de Agosto veñen as festas en honor a San Cristovo, o patrón dos choferes. Houbo festa o venres, o sábado e o domingo no adro de San Pedro. A festa está organizada pola Asociación Cultural *O Castelo* de Alfoz. Para recadar fondos vendían camisetas e outras cousas. Tamén houbo acampada e meren-

das, que contaron, como sempre, con moita xente. O domingo houbo a procesión polas parroquias dos camións e coches. E para rematar unhas festas tan coñecidas e esperadas pola xente nova entregaron os premios dos camións e dos coches mellor engalanados. E logo houbo unha sesión de fogos de artifício.

A *Festa dos Choferes* ten a vantaxe de que se está a facer popular tanto entre a

xente nova como entre a xente maior, pois propón unha serie de variadas actividades que lle gustan a todo o mundo. Por exemplo, mentres que ós rapaces lles gusta moito a acampada e todo o que hai arredor dela, ós adultos gústanlles moito as comidas que se organizan.

Como todos os anos as Festas de San Cristovo ou dos Choferes reuniron no adro de San Pedro a unha chea de xente.

A recuperada feira gandeira celebrouse en Carballido A FEIRA DO TRECE RETRASOUSE POLAS RIADAS

Por Iria Braña.

Como ben sabemos, a Feira do Trece celébrase cada ano na parroquia de Carballido, Alfoz. Este ano polas inoportunas inundacións a celebración retrasouse uns cantos días. O día que por fin se puido levar a cabo fíxose o dos demais anos. Mellor dito, fíxose o dos últimos anos, pois a popular feira deixárase de facer hasta fai moi pouco. Os propietarios de vacas, poldros e cabalos presentaron os seus animais para

vendelos. Moitas persoas comeron alí mesmo levando a comida das súas casas ou co posto de polbo que había. Así mesmo, tamén se repartiron varios premios e se celebrou algunha que outra carreira particular. Todos afirman que a tradición está volvendo a xurdir e así mesmo esperan que non se perda. Igual que outras celebracións do noso Val, como é o caso da famosa *Rapa das Bestas* de Santo Tomé, o gando é protagonista na *Feira do Trece*. Isto lévanos ó pasado, a unha época na que

o traballo coa terra e cos animais era algo habitual en Alfoz e no Valadouro, unha tradición que ultimamente está a se perder, pois cada vez se crían menos animais e se traballa menos a terra. Nos últimos anos inténtase recuperar todas estas tradicións que definían tanto a Galicia en xeral como ó noso Val en particular. Oxalá que se continúe con éxito esta iniciativa e se conserve a cultura do noso pasado, tamén no que ás feiras se refire, e que a *Feira do Trece* de Carballido siga tamén moito tempo.

Desde facía 25 anos non se celebraban FESTAS DO SAN SALVADOR NO CASTRO DE OURO

Por Sonia Expósito.

Os veciños mais novos da parroquia de Castro de Ouro xa non se acordaban de que xa fai 25 anos que non había festa no Castro, e por fin este ano 2010 a festa recuperouse. Viñeron dúas orquestras, o dúo *Rosa Negra* e a orquestra *Odeón*. Os veci-

ños que xa tomaban o Mercado Medieval como a súa festa, puideron celebrar tamén o San Salvador, o seu día.

A organización da Festa foi un tanto curiosa, pois dous ou tres días antes a ningún se lle ocorrera facela, e foi durante o Mercado Medieval cando varios veciños faláron de facela, e fíxose. A pesar de que O

Castro é unha parroquia pequena, non debemos esquecer que foi nela, arredor do Castelo de Pardo de Cela, onde naceu hai moitos anos o pobo que agora se chama Alfoz.

Esperemos que non pasen outros 25 anos para que o San Salvador se volva celebrar.

Xa leva varios anos organizándose polo verán OUTRA SUBIDA Ó ALTO DE SAN PEDRO



Xa van varios anos en que un grupo de amigos do Val e de fóra del se reúnen a mediados de verán para subir ó famoso alto de San Pedro. Este verán do 2010, unha vez máis, con organización de Miguel Ángel, residente en Tarragona, pero veciño do noso Val, e de Paco de Rucho, o grupo de intrépidos escaladores acadou o cumio do alto un domingo. A empresa non foi fácil, pois as costas que ten o alto de San Pedro impoñen e cansan. Participaron moitos veciños e visitantes, como Elisa da Seara e Rego, o seu home, a familia de Cora do Barral, a familia de Rubal, Esandino Pértega, Cachín, Pepe Peinó, Manuel Lourenzo e Montse, a súa muller... máis de corenta persoas. A comida correu a cargo de Enrique Lorenzo *Muro*, do restaurante San Pedro, mentres Caselo se encargaba de inmortalizar o momento con mil e unha fotos. Ó final da comida campestre, houbo unha miniorquestra improvisada e un baile para alegrar o día.

< Varios músicos amenizan a xornada.

Sobre todo no verán, para que a xente se entreteña OS CONCELLOS ORGANIZAN MOITAS ACTIVIDADES

A vida cultural nos concellos de Alfoz e O Valadouro non para de bulir. Os responsables de ambos concellos organizan cada ano unha chea de actividades destinadas a encher os ratos de ocio dos veciños, en especial da xente nova, que en épocas como o verán necesita *moverse* e facer moitas cousas. Abriron as piscinas dos dous concellos e déronse nelas cursiños de natación. Houbo unha chea de talleres variados, de pintura, fotografía, traballos manuais... Organizáronse actividades físicas e deportivas, incluso con deportes de risco, para darlle máis emoción á cousa. Incluso se organizou unha gran Festa da Escuma na Praza de Santa María do Valadouro. No Valadouro, a OMIX de Suso Rubio organizou estas e outras actividades, incluídas ás veces en programas máis ambiciosos, como o coñecido como *Diverxullo*, que ocupou o mes de Xullo dos nenos do concello, que o pasaron pipa cos xogos que se fixeron.

Xa para todos os públicos, organizouse a principios de Setembro a 25 Semana do Teatro do Valadouro, mentres que arredor do mes de Outubro terá lugar o Mes do Teatro de Alfoz. E a Radio Valadouro, non o esquezamos, segue a funcionar con programas propios, como *Hora Krono*, *Por fin é luns*, *Parolando* ou *4 X 4*. Porque a vida cultural dun pobo é algo moi, pero que moi importante.



Varios nenos do Valadouro participan nun taller de traballos manuais que se organizou polo Nadal. Os concellos de Alfoz e O Valadouro organizan unha chea de actividades para que os veciños, en especial a xente nova, se divirta e aprenda.